

Adaptación da Programación Didáctica: Curso 2019/2020

Centro: CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO

Curso: 2º Educación Primaria

Materias: Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega,
Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Educación en valores.

Data: 12 de maio de 2020

Índice:

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (Recuperación, reforzo, repaso e no seu caso, ampliación).**
4. **Información e publicidade.**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

LENDAS:

Verde: estándares que se van a repasar e reforzar neste terceiro trimestre.

Azul: estándares ampliados neste terceiro trimestre.

Vermello: estándares suprimidos neste terceiro trimestre.

MATEMÁTICAS							
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas							
MT-B1.1	2º-MTB1.1.1 - Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	*** Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL
MT-B1.2	2º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA
MT-B1.3	2º-MTB1.3.1 - Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CMCTCD CAA
Bloque 2: Números							
MT-B2.1	2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.	*** Le, escribe e ordena números ata o 999.	X		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CCL
MT-B2.1	2º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	*** Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CMCT CAA

MT-B2.1	2º-MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	*** Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA
MT-B2.2	2º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos reais.	*** Utiliza os números ordinais en contextos reais.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT
MT-B2.2	2º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	*** Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	X		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CAA CCL
MT-B2.2	2º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	*** Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
MT-B2.2	2º-MTB2.2.4 - Identifica os números pares e os impares.	*** Identifica os números pares e os impares.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
MT-B2.3	2º-MTB2.3.1 - . Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	*** Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
MT-B2.3	2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA

	problemas contextualizados.						
MT-B2.3	2º-MTB2.3.3 - Resolve operacións con cálculo mental.	*** Resolve operacións con cálculo mental.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CMCT CAA
MT-B2.4	2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	*** Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
MT-B2.4	2º-MTB2.4.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	*** Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSIEE CAA
Bloque 3: Medida							
MT-B3.1	2º-MTB3.1.1 - Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	*** Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CMCT
MT-B3.2	2º-MTB3.2.1 - Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	*** Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CMCT
MT-B3.3	2º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza o litro, medio	*** Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos	CMCT

	litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	unidades de medida de capacidade				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	
MT-B3.4	2º-MTB3.4.1 - Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	*** Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CMCT
MT-B3.4	2º-MTB3.4.2 - Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.	Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
MT-B3.5	2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	*** Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA CSC
MT-B3.6	2º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida.	Resolve problemas sinxelos de medida.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CAA
MT-B3.6	2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as	*** Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CAA CSIEE

	unidades dos resultados.						
Bloque 4: Xeometría							
MT-B4.1	2º-MTB4.1.1 - Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	*** Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCT
MT-B4.2	2º-MTB4.2.1 - Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	*** Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CMCT CAA
MT-B4.3	2º-MTB4.3.1 - Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	*** Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CMCT CAA
MT-B4.4	2º-MTB4.4.1 - Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	*** Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CAA
MT-B4.5	2º-MTB4.5.1 - Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CAA
MT-B4.5	2º-MTB4.5.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados,	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CMCT CAA CSIEE

	comprobando e interpretando as solucións no contexto.	interpretando as solucións no contexto.					
Bloque 5: Estatística e probabilidade							
MT-B5.1	2º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	*** Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Posta en común.</p>	CMCT CAA
MT-B5.1	2º-MTB5.1.2 - Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.	Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CAA
MT-B5.2	2º-MTB5.2.1 - Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.	Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CMCT CAA

Atendendo ás instrucións do 27 de abril de 2020 en referencia á modificación da programación darase especial fincapé nas competencias seguintes: CCL CMTC, CAA e CD.

CIENCIAS DA NATUREZA	
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e competencias clave
Bloque 1. Iniciación á actividade científica	
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. CMCCT, CSIEE, CAA
Bloque 4. Materia e enerxía	
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. CMCCT, CSC, CCL CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. CMCCT, CSC, CSIEE
Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas	
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máqui-

aparells simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	nas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. CMCCT, CSC
--	---

CIENCIAS SOCIAIS	
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns	
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organízala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. CAA, CCL, CD, CMCCT
Bloque 2. O mundo que nos rodea.	
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. CMCCT, CD, CCL
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e esperando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. CMCCT, CSC, CCL
Bloque 4. As pegadas do tempo	
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. CCL, CMCCT
B4.2. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.	CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. CMCCT

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler.	
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo. CCL, CAA
B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. CCL, CAA
Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir.	
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicati-	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa

vas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... CCL, CD, CAA
Bloque 4. Coñecemento da Lingua.	
B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. CCL
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos CCL
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais CCL, CD, CAA
Bloque 5. Educación literaria	
B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. CCL, CAA, CCEC

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler.	
B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. CCL, CD, CSC LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. CCL
Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir.	
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. CCL, CSIEE, CAA LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. CCL, CSC, CCEC
B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.2.1. Elaborar textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. CCL, CSC, CCEC, CAA, CSIEE
Bloque 4. Coñecemento da Lingua.	

B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. CCL, CSC, CCEC
Bloque 5. Educación literaria	
B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. CCL, CAA, CCEC
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. CCL, CCEC, CD

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe e competencias clave
Bloque 1. A identidade e a dignidade da persoa	
B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares. CSIEE, CSC
Bloque 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. CCL, CSC, CSIEE

2. Avaliación e cualificación.

AVALIACIÓN

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación foi preciso facer unha modificación de consideración debido ás circunstancias que estamos a vivir, xa que non tiña sentido empregalos, neste trimestre, do xeito que estaban contemplados. Na gran maioría, o procedemento de avaliación viña dado pola observación sistemática que agora non podemos levar a cabo.

Esta é a razón de que sexan, polo tanto, modificados, de tal forma que se basearán no seguinte:

Procedementos: análise das produción do alumnado

Instrumentos: resolución de exercicios e problemas, actividades impresas, resolución de exercicios e problemas, actividades en rede; actividades interactivas, vídeos e imaxes.

CUALIFICACIÓN

- Estableceremos os **criterios de cualificación final** de cada materia atendendo ás instrucións do 27 de abril da Consellería de Educación:

De xeito excepcional, durante este curso, establecemos que a cualificación do terceiro trimestre e a cualificación final (avaliación ordinaria) serán a mesma. Para o cálculo desta cualificación, se fará a media das cualificacións acadadas no 1º e 2º trimestre e a este resultado, se lle engadirá, sempre que sexa positiva, a valoración que cada mestre/a faga do traballo realizado polo alumnado durante o 3º trimestre de forma non presencial.

Criterios	Puntuación que se suma
1. Entrega (por calquera vía) e realiza todas as tarefas de forma satisfactoria.	+ 0,5 (da media acadada no 1º e 2º trimestre)
2. Entrega e realiza a maioría das tarefas de forma satisfactoria.	+ 0,4 (da media acadada no 1º e 2º trimestre)
3. Entrega e realiza algunhas das tarefas de forma satisfactoria	+ 0,3 (da media acadada no 1º e 2º trimestre)
4. Non entrega as tarefas.	0

- Os **criterios de promoción:**

Atendendo ás instrucións do 27 de abril da Consellería: *“A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna”.*

Esta instrución modifica os criterios de promoción para este curso establecidos no noso centro, polo tanto, acordamos o seguinte:

O equipo docente fará unha valoración do alumnado tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e o grao de desenvolvemento das competencias clave imprescindibles. Cando, de xeito excepcional, se decida a non promoción dun alumno ou alumna, esta decisión virá acompañada dun plan de recuperación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (Recuperación, reforzo, repaso e no seu caso, ampliación).

- Na área de **matemáticas**, as **actividades**, correspóndense con:

As actividades están a ser, en maior medida, de reforzo e repaso e, en menor medida, de ampliación, relacionado co bloque 4: xeometría. O traballo desenvolvido cada semana estase a elaborar, en maior medida, desde un enfoque globalizado, con tarefas integradas e competencias onde o neno/a poida afianzar os contidos traballados ao longo do curso.

Tan só se valorará de forma positiva o traballo feito polo alumno dende as súas casas. En todo momento estase a respectar o ritmo evolutivo dos nenos/as e as circunstancias persoais das familias.

- No resto das áreas, lingua galega, lingua castelá, ciencias da natureza, ciencias sociais e educación en valores, no referente a **actividades**;

Son de carácter individual, posto que non é posible doutro xeito. O alumnado, reflexionará e practicará de forma personalizada os contidos traballados mediante lecturas individualizadas, resolución de problemas, expresión escrita, actividades en rede, actividades impresas e poñendo en marcha varios experimentos caseiros.

Actividades de repaso e reforzo: Vídeos, textos explicativos para levar a cabo diversas actividades: coma definicións, asociación de conceptos, completar información, manipulativas...

Aínda que se propoñen actividades de repaso, avánzase en materia na medida do posible.

- **Metodoloxía:**

A metodoloxía tamén estivo suxeita a modificacións debido á situación de confinamento.

A comunicación coas familias directa e constante, permite atender ás súas demandas e necesidades, na medida do posible, adaptándose a metodoloxía, así coma as ferramentas de traballo, establecendo medidas diferentes para facer chegar, ou recoller, o traballo a cada un dos nenos/a.

- Alumnado con conectividade:

- 1) Presentación da tarefas semanais a través dunha lista de difusión coas familias (wasap) e a aula virtual do centro.
- 2) Realización de tarefas en liña, mediante actividades interactivas. Tamén se realizan actividades impresas. Emprego do LibroMedia como recurso complementario.
- 3) Seguimento das actividades enviadas como fotografías ou arquivos, mediante o correo electrónico, a aula virtual o programa liveworksheet ou de ser preciso mediante chamadas telefónicas ou polo wasap.

4) Revisión e corrección das tarefas para o seu arquivo.

○ Alumnado sen conectividade:

- 1) Presentación da tarefas semanais a través dunha lista de difusión coas familias (wasap).
- 2) Realización de actividades impresas.
- 3) Seguimento das actividades enviadas, a través da súa recollida na escola, ou de ser preciso mediante chamadas telefónicas ou polo wasap.
- 4) Revisión e corrección das tarefas para o seu arquivo.

Para o alumnado sen conectividade e sen recursos para a impresión de tarefas, o centro, en colaboración co concello, lle fai chegar as tarefas propostas polo profesorado semanalmente aos seus domicilios correspondentes.

▪ **Materiais e recursos.**

- Impresos: material funxible da casa e fichas fotocopiáveis (se lle facilita a aquelas familias que o precisan por diferentes circunstancias).
- Informáticos: ordenador (como medio de comunicación nas dúbidas, na entrega de tarefas, na recollida das mesmas e no desenrolo de actividades TIC), Tablet, móvil, fichas interactivas, recursos audiovisuais como vídeos e imaxes, acceso a contidos na rede.
- Humanos: titora e demais especialistas (lingua estranxeira, educación física, educación musical, relixión, mestre da sección bilingüe plástica, mestra de AL e mestre de PT)
- Didáticos: acceso ao LibroMedia (matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias sociais e ciencias naturais)

4. Información e publicidade.

Esta adaptación da Programación Didáctica (2019/2020) será publicada na Aula virtual do curso correspondente, á que teñen acceso todos os alumnos e alumnas do centro e as súas familias, e na páxina web do centro.

(No caso de 5º e 6º curso de Educación Primaria, se lle fará chegar ao alumnado a través da plataforma Edixgal).